

# **REGULAMENTO LIGA GALEGA DE CLUBS DE RIOS, TRAVESIAS SÉNIOR**

## **Masculina e Feminina**

---

# REGULAMENTO

## LIGA GALEGA DE CLUBS DE RÍOS, TRAVESÍAS E SÉNIOR: Masculina e Feminina

### **1. - PARTICIPACIÓN**

A LIGA GALEGA DE RÍOS, TRAVESÍAS SÉNIOR 2024 son competicións abertas a todos os clubs de Galicia afiliados a mesma.

Todos os padexeiros e clubs galegos, para poder participar nesta Liga deberán de estar en posesión da licenza federativa actualizada para a tempada 2024.

Os clubs que desexen participar en esta Liga deberán de inscribirse unha semana antes do inicio da mesma.

Será por Equipos: Masculina e Feminina.

Na Liga Sénior poderán participar os deportistas nados entre os anos 2005 e anteriores. A participación será únicamente como categoría SÉNIOR.

Os deportistas da categoría xuvenil, poderán participar en todas as competicións da liga na categoría sénior si así o requiren os clubs.

Os deportistas só poderán participar nunha ÚNICA modalidade (caiac ou canoa) en cada competición, e polo tanto inscribirse en unha soa.

Os clubs de fora de Galicia que desexen participar en calquera das competicións que forman parte da LIGAS 2024, poderán facelo sempre e cando cumpran os requisitos establecidos e as normas aprobadas pola Asemblea da F.G.P. sobre afiliacións a clubs e deportistas da tempada 2024.

Consideramos que o ser unha liga de ríos e travesías, a participación de clubs alleos a comunidade autónoma non debe estar limitada, e no reparto de preseas distinguirse os premios do río ou travesía en cuestión dos campións galegos, que só poderán ostentar padexeiros da CCAA de Galicia.

Os padexeiros e clubs de fora de Galicia que participen nunha competición terán dereito a súa medalla ou trofeo no caso de que lle corresponda pola súa clasificación na mesma.

### **2.- COMPETICIÓN PUNTUAABLES DA LIGA GALEGA DE RÍOS, TRAVESÍAS.**

Son competicións puntuables desta LIGA 2024, as que figuren como tales no calendario oficial da tempada 2024.

### **3.- SISTEMA DE CLASIFICACIÓN POR COMPETICIÓN, CATEGORÍAS, MODALIDADES E DISTANCIAS**

#### **COMPETICIÓN RIOS E TRAVESÍAS**

Nas competicións da modalidade de Ríos e Travesías, as distancias e embarcacións serán as que marquen os propios organizadores das mesmas.

O peche de control, nas regatas de ríos e travesías, será tamén en función da distancia percorrida, co cálculo de 1 min e 30" x km.

As regatas nas que se dispute o K-2 masculino, incluirán tamén o K-2 feminino.

Incluiranse as embarcacións C-2 nas regatas nas que se participe nas modalidade de: K-1, C-1 e K-2 (tódalas categorías). Deixando a posibilidade de que os organizadores de ríos, cuio trazado non permita ou dificulte a navegación do barco sobre de canoa, poidan solicitar a F.G.P., a non inclusión do mesmo.

Creación das categorías K-2 mixto, C-2 mixto, K-4 mixto e C-4 mixto, só puntuarán para a clasificación do devandito río ou travesía se así o organizador o estima, non puntuando para ningunha Liga.

### **4.- PUNTUACIÓN E SANCIÓNIS**

As puntuacións que rexeran nas Ligas 2024, serán as que indiquen os regulamentos específicos de cada competición, según sinala o presente articulado.

#### **REGATAS DE RIOS E TRAVESÍAS**

A puntuación nas competicións de ríos será da seguintes maneira:

Para embarcacións individuais: 1º clasificado 70 puntos, 2º 67 puntos, 3º 64 puntos, 4º 62 puntos, 5º 61 puntos, a partir de aquí a puntuación irá decrecendo de punto en punto sempre que entren en control.

No caso de que entraran en control máis de 70 deportistas, os restantes sumarían un 1 punto.

Para embarcaciónsdobres/cuadruples: 1º clasificado 140 puntos, 2º 134 puntos, 3º 128 puntos, 4º 124 puntos, 5º 123 puntos, a partir de aquí a puntuación irá decrecendo de punto en punto sempre que entren en control.

A efectos de puntuación de clubs, para que as embarcacións que tomen parte nesa competición puntúen deberán tomar a saída, un mínimo de tres (3) embarcacións de dous clubs distintos. As categorías que non cumpran este criterio entrarán nas axudas económicas sempre e cando estén dentro do tempo de control.

As embarcacións de Equipo (K-2, K-4, C-2 ou C-4), non poderán ser tripuladas por padexeiros de diferentes clubs, a excepción daquellos embarcacións ou combinados nacionais ou autonómicos.

Puntuarán tódalas embarcacións de cada modalidade que entren en control, dentro dos tempos establecidos.

A suma de todos os puntos alcanzados polas embarcacións que entren en meta no tempo establecido de peche de control de cada club, determinará o gañador da competición.

En cada competición da Liga Galega de Ríos, Travesías e Maratón Sénior haberá unha clasificación Masculina e Feminina, os deportistas clasificados nos tres primeiros postos recibirán o premio correspondente en todas as competicións. Nas competicións de ríos e travesías será o organizador da competición quen ditamine que premios por clubs que reparte.

#### **5.- CLASIFICACIÓN XERAL DE CLUBS**

Cos puntos obtidos por cada club, a tenor dos regulamentos específicos, establecécese unha clasificación definitiva dos clubs galegos participantes en cada unha das Ligas, Sénior (masculina e feminina), aos que se lles dará unha puntuación definitiva que será:

1º Clas. .....70 puntos, 2º..... 67, 3º.... 65, 4º..... 64, 5º.....63...

Todos aqueles clubs que tendo participado nunha competición non obtiveran puntuación algúna por calquera dos seus deportistas, a efectos de puntuación para a Ligas Sénior, Masculina e Feminina, asignaráselle a puntuación do último clasificado por clubs menos 10 puntos, sempre en cando algún dos seus padexeiros entre en meta, independente de que o faga dentro ou fora do peche do control.

Nas competicións de Ríos, Travesías, as puntuacións para as distintas Ligas Sénior (masculina e feminina) serán as seguintes:

Grupo I: 70, 67, 65, 64..... etc.

Tódalas competicións da Liga son puntuables, para a clasificación final da Liga.

Todos os clubs que non participen nunha competición recibirán 20 ptos menos que o último clasificado, recibindo como mínimo un punto.

Para poder optar a esta puntuación, os clubs deberán de participar no 50% das competicións oficiais, no caso de ser número impar, será o 50% máis 1.

Por exemplo:

13 competicións oficiais..... 7 competicións obligatorias

Os gañadores desta clasificación serán os que sumen máis puntos unha vez disputadas todas as competicións.

- **Estas Ligas terán axudas económicas según clasificación e participación.**

Formarán parte da **Liga Galega Augas Tranquilas Sénior Masculina 1ª División** 20 equipos: en función da clasificación da temporda anterior, aplicando os ascensos e descensos.

A **Liga Galega Augas Tranquilas Sénior Masculina 2ª División** estará formada polo resto de equipos que participen nesta liga.

**Ascensos e descensos:** o remate da liga, os equipos que ocupen as tres últimas posicións da clasificación final de 1ª División, perderán a categoría e baixarán a 2ª División. Estas prazas serán ocupadas polos equipos que ocupen as tres primeiras posicións na clasificación final da 2ª División.

A **Liga Galega Augas Tranquilas Sénior Feminina 1ª División** 15 equipos: en función da clasificación da temporda anterior, aplicando os ascensos e descensos.

A **Liga Galega Augas Tranquilas Sénior Feminina 2ª División** estará formada polo resto de equipos que participen nesta liga.

**Ascensos e descensos:** o remate da liga, os equipos que ocupen as dúas últimas posicións da clasificación final de 1ª División, perderán a categoría e baixarán a 2ª División. Estas prazas serán ocupadas polos equipos que ocupen as dúas primeiras posicións na clasificación final da 2ª División.

Os equipos que non participen no 50% máis unha das regatas da Liga, non poderán militar na categoría superior.

## **6.- DESEMPATES**

En cada competición desempatará a categoría que teña o maior número de participantes.

Na clasificación xeral da Liga Galega Sénior no caso de existir empate, será o gañador o que teña un maior número de primeiros postos nas competicións, segundos postos, terceiros postos etc. No caso de non resolverse o empate realizarase un sorteo que dicte o gañador.

## **7.- COMPETICIÓNRESERVA**

Si por alguma causa non se celebrese unha das regatas sinaladas como puntuables de este regulamento, a Xunta Directiva da F.G.P. decidirá a nova data de celebración, a súa anulación ou a substitución por outra a todos os efectos en cada unha das Ligas.

## **8.- OUTRAS NORMAS**

Para todas aquellas norma que non se atopen estipuladas no presente regulamento nin no regulamento específico de cada regata puntuable en cada Liga, rexirse pola normativa do Regulamento Xeral das Ligas Galegas da Federación Galega de Piragüismo e do Regulamento Xeral e Técnico de Competicións da Real F.E.P. e polo

Regulamento Nacional da especialidade correspondente e do Regulamento de Disciplina e Estatutos da F.G.P.

#### **9.- ENTREGA DE PREMIOS CAMPIÓNS LIGAS**

O premio final da Liga Séniors será entregado soamente aos tres primeiros clubs clasificados masculino e feminino.

Estos premios serán entregados nun acto a determinar polo consello directivo da F.G.P.

#### **10.- INFORMACIÓN**

Para maior información deste Regulamento, os interesados poderán dirixirse a Federación Galega de Piragüismo (Rúa Gavian s/n Centro deportivo Pontillón de Castro 36151-Verducido- Pontevedra), Tfno de contacto: 986842106 e e-mail: [kayak-canoa@fegapi.org](mailto:kayak-canoa@fegapi.org) e a páxina web: [www.fegapi.org](http://www.fegapi.org).

Vº Bº PRESIDENTE

O SECRETARIO

